

Cada ano a Asociación Cultural "O Castelo" de Alfoz organiza un certame literario co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, aló por Maio. Rapaces e rapazas compoñen textos literarios con diversas temáticas e preséntanos a este certame, coñecido xa dende os seus comezos como Premio *Trulasqui*. No pasado mes de Maio de 2010 foron tres os rapaces do noso Instituto que resultaron premiados neste certame: Sonia Paleo, que obtivo o primeiro premio, Daniel Rejes, segundo premio, e Sonia Expósito, terceiro premio. Felicidades ós tres. Aquí tedes os seus textos.

## O descubrimento de Pulgarcita Por Sonia Paleo

Neste conto vouvos contar o que lle pasou a unha nena chamada Pulgarcita, cuxo nome vos soará do conto titulado "Pulgarcita", pero neste conto, precisamente, non imos falar en concreto da Pulgarcita do conto, senón doutra nena, tamén de pequena estatura, pero que non ten nada que ver coa outra.

Pulgarcita era unha nena á que, dende que nacera, xa lle sobran os problemas. Estarédesvos a preguntar por que, e agora mesmo ides saír de dúbidas. Pulgarcita nacera cun problema de estatura; tiña unha enfermidade que facía que a nena fora de pequena estatura para o resto da súa vida (debemos aclarar que ningún dos seus pais tiñan esa enfermidade; tanto o pai como a nai eran de estatura normal).

No colexio os nenos ríanse dela e ao principio estaba sempre a chorar; co paso dos anos comprendeu que non pagaba a pena chorar por aquilo, porque á fin e ó cabo a súa era unha enfermidade como outra calquera. O problema aínda aumentou cando Pulgarcita se tivo que cambiar dende o colexio de Primaria até o colexio de Secundaria, xa que no seu pobo os colexios de Secundaria non estaban preparados e non contaban co material necesario para que unha persoa como Pulgarcita puidera sentirse a gusto. Como consecuencia diso tivo que mudarse á cidade, na que si había colexios de Secundaria preparados para dar clases a nenos e nenas coa enfermidade que tiña Pulgarcita. Esta e os seus pais mudáronse dende o pequeno pobo onde vivían até A Coruña.

Para Pulgarcita a cidade era moi grande, debido á súa estatura. Alí non coñecía a

ninguén, excepto ós seus avós. Da cidade só coñecía o arrabalde once nacera a súa nai; era xustamente a parte da cidade que a chuva anegaba periodicamente. Por alí a Garda Civil case nunca pasaba. As cunetas estaban cheas de auga. As baldosas dos vieiros, ó estaren soltas, adoitaban xogar malas pasadas a quen camiñaba por elas.

Non é que a Pulgarcita non lle gustase o seu barrio, pero aqueles pequenos detalles amargábana moitísimo, xa que ela prestaba moita atención ó ambiente que a rodeaba.

No instituto íalle de marabilla: fixera amigos rapidamente, incorporouse moi ben ás clases e quitaba moi boas notas.

Moitas veces escoitara comentar a fermosura das grandes cidades, con moitas rúas, prazas coidadas e avenidas arboradas. Estas cousas non facían máis que agrandar o seu desgusto por todo o desagradable que vía continuamente ó seu arredor. Decidiu que todo o desagradable, molesto e prosaico se quedara na súa cidade natal, mentres que todo o lindo, harmonioso e elegante debía encontrarse na cidade ideal que comezou a imaxinarse como existente nalgún lugar.

Polo seu barrio pasaba o tren e cada vez que o sentía pasar ía velo. Un día, sen máis nin máis, decidiu saltar a un terraplén que estaba moi próximo á vía do tren; pensaba que dende alí podería contemplar mellor a cidade, debido á súa estatura. Toda convencida, saltou, pero non viu nada porque había un ferro que lle cortaba toda a vista, de esquerda a dereita. Por máis que o intentou, non conseguiu ver nada, pero non se deu por vencida. Deuse conta de que a súa posición horizontal deixaba os seus

ollos por debaixo do nivel das vías. Cun enorme esforzo, parouse sobre as súas perniñas e, coas mans apoiadas sobre o ferro, estendeu a súa vista en lonxitude. O que viu deixoua coa boca aberta. Realmente, non esperaba ver o que viu. Unha fermosísima cidade presentouse ante os seus ollos. Máis alá dos barrios baixos abríanse fermosas avenidas, casas de varios pisos, canles rectas e limpas. As prazas eran unha marabilla e o río brillaba máis alá, encadrando a cidade. Toda emocionada, foi onde os seus amigos e díxolles:

- Realmente, esta si que é unha cidade magnífica. A miña non ten comparación con esta que acabo de ver. Dende hoxe voume ir vivir á cidade de canles rectas e de prazas arboradas.

Entusiasmada co que vira decidiu baixar cara á cidade nova. En realidade, o que fixo foi simplemente descender cara á súa propia cidade de sempre. Pero agora levaba nos ollos e no corazón unha visión distinta, unha versión de plenitude e de harmonía totalizadora.

Ao chegar ás primeiras cunetas da cidade reencontrouse cos mesmos detalles de sempre: as baldosas soltas e os zócalos es-carchados, só que agora víalos con ollos distintos, mentres se decía:

- Bah! Estes son só pequenos detalles molestos dunha magnífica cidade.

E dende entón Pulgarcita comezou a ser feliz. E como ela o transmitía, as demais persoas que antes se sentía coma ela comezaron a ser felices tamén ó seu lado, o que é a forma máis auténtica de ser felices.

## Roubo na cidade Por Daniel Rejes

Eran as 19,45 do serán do xoves, 27 de Outubro de 2008, cando eu e toda a xente que paseaba pola beirarrúa da cidade sentidos un estrondo. Todos miramos para atrás e vimos unha furgoneta que pasaba a moita velocidade e que polo camiño atropelou a catro persoas. Chamamos á policía e aos servizos sanitarios, que chegaron ó

lugar trinta minutos despois. Ó parecer, a furgoneta que vimos pasar era duns ladróns que roubaran unhas bombas nucleares nos Estados Unidos e querían destruír España e os países veciños. Cando oín isto, eu e outros rapaces amigos meus fomos detrás deles. Dous días despois encontrámoslos e chamamos á policía. Os policías

detivéronos e nós desactivamos a bomba coa súa axuda. Pero aínda quedaba un ladrón, que quitou unha pistola e disparoume. Morrín dous días despois no hospital, pero non me arrepente de nada, xa que salvei á cidade onde nacín e medrei e onde pasei uns momentos inesquecibles.

## O peregrino Por Sonia Expósito

Había un rapaz chamado Martín que lle tiña ofrecido ó Santiago Apóstolo facer o Camiño de Santiago.

Cando chegou o Ano Santo ninguén quixo acompañalo, pero de todas formas el foise só. Empezou o Camiño un 17 de Maio. Era un día soleado. Meteu na súa bolsa o que necesitaba e marchou. Saíu dende o Castelo de Pardo de Cela. Cando chegou a Mondoñedo visitou a Catedral e andou até chegar a un albergue.

Quería facer o Camiño fose como fose,

pero aquela noite empezou a tronar e a chover. O peregrino, decepcionado, decidiu volver á súa casa, pero andando, preto de Mondoñedo, atopou a outros peregrinos dunha asociación contra o cancro. Falou con eles e eles animaron a Martín a seguir. Seguiu con eles. Pasaron por moitos lugares interesantes e preciosos, porque Galicia é preciosa. Levoulles varios días. Seguía chovendo, pero a Martín dáballe igual, porque fixera unha morea de amigos e amigas e ía con eles.

Ao chegar ó Monte do Gozo xa faltaba pouco, pero... Cando menos o esperaban, unha rapaza de 22 anos tivo unha torcedura nun pé. Martín, como ía preparado, decidiu axudarlle. Axudoulle, e de paso namorouse dela. Chamábase Yolanda. Foron á Catedral de Santiago e pasárono xenial todos eles, en especial Yolanda e Martín.

Logo pasou unha cousa: Martín pediulle para saír a Yolanda. Ós poucos meses casaron no Castelo de Pardo de Cela, en Alfuz. Houbo festa por todos os arredores!